



**BASES PARA O FINANCIAMENTO INTERNO E CONVOCATORIA 2022 DE
AVALIACIÓN PLURIANUAL DOS GRUPOS, UNIDADES E
INVESTIGADORES/AS DO CATÁLOGO DA UDC
(Aprobada por Consello de Goberno na súa sesión do 20/12/2022)**

A UDC, no seu obxectivo de incentivar os seus investigadores/as, unidades e grupos de investigación, e dotalos dun adecuado financiamento basal, estableceu en 2012 un procedemento anual de avaliación externa da actividade investigadora desenvolvida nos últimos cinco anos.

A experiencia acumulada desde aquel ano permite ver con certa perspectiva este procedemento, identificar as súas debilidades e valorar en que medida se alcanzou o obxectivo perseguido. Tras unha etapa de reflexión interrompida pola pandemia, é preciso agora implementar un novo sistema de financiamento e avaliación que busca combinar unha xestión máis áxil coa garantía de servir de punto de reflexión sobre a nosa actividade investigadora.

Publícanse agora estas bases que han de regular o financiamento interno e que conteñen ademais a convocatoria de 2022 de avaliación pola Subdivisión de Coordinación e Avaliación (extinta ANEP), encadrada na Axencia Estatal de Investigación (SCE-AEI).

BASES DO FINANCIAMENTO INTERNO DO CATÁLOGO DE INVESTIGACIÓN

- A Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia establece un novo sistema de financiamento interno por períodos trianuais dos grupos/unidades e investigadores individuais dados de alta no catálogo de investigación da UDC.
- O orzamento anual deste financiamento virá determinado pola cantidade asignada para tal fin nos orzamentos anuais da Universidade. A dotación económica consignarase na vicerreitoría con competencias en investigación para financiamento de grupos, unidades e investigadores individuais (programa 541A, económica 649.10). O uso destes fondos verá determinado polo que se estableza anualmente nas Bases de Execución do orzamento da UDC.
- Para a súa repartición distinguirase unha parte estrutural do 40 % e unha parte variable do 60 % que virá determinada polo resultado dunha avaliación externa, realizada pola AEI.
- Durante o ano anterior ao comezo de cada período trianual, publicarase a convocatoria de avaliación externa dos grupos/unidades e investigadores individuais pertencentes ao catálogo de investigación da UDC. O resultado desta determinará a parte variable do financiamento para o período dos tres anos seguintes.
- Só poderán acceder ao financiamento aqueles grupos, unidades e investigadores/as que acudan á convocatoria de avaliación plurianual da súa actividade investigadora.

- A avaliación obtida tamén se poderá utilizar para calquera outra convocatoria da UDC en que sexa necesaria a valoración da actividade de investigación dos solicitantes.
- Para a repartición da parte estrutural terase en conta o número total de PDI doutor con vinculación á UDC que acuda a avaliación, a división do 40% do orzamento anual entre este número determinará a cantidade que percibirá cada doutor/a. No caso de grupos e unidades, o valor antes referido multiplicarase polo número de PDI doutor con vinculación á UDC que os constitúan. As altas e baixas de doutores en grupos e unidades ao longo do período trianual modificarán o cálculo desta parte estrutural na repartición da seguinte anualidade.
- Para o cálculo da parte variable teranse en conta os puntos recibidos na avaliación feita pola AEI. Da división do 60% do orzamento anual entre a suma dos puntos totais recibidos por todos os avaliados, obterase o financiamento por punto. No caso de grupos e unidades, os puntos obtidos multiplicaranse polo número de doutores con vinculación á UDC que os integren e consideraranse o resultado como os puntos totais obtidos.

A partir da segunda avaliación teranse en conta as recomendacións recibidas na avaliación previa e o/a avaliador/a deberá valorar o grao de mellora do grupo/unidade ou investigado/ar. Esta valoración xerará un coeficiente entre 0,5 e 1,5 que multiplicará os puntos recibidos na avaliación.

- Aqueles grupos/unidades ou investigadores individuais que se dean de alta no catálogo durante un período trianual, poderán acceder á seguinte repartición anual só na parte estrutural, despois de se comprometer a acudir á seguinte convocatoria de avaliación. O incumprimento inxustificable deste compromiso determinará o non financiamento en calquera das convocatorias xestionadas pola vicerreitoría con competencias en investigación durante un período de tres anos.
- No caso de que un grupo ou unidade se divida ou se disolva durante o período trianual só se lle manterá o financiamento correspondente á parte estrutural ata a finalización deste período.
- As cantidades percibidas durante o período trianual poderanse incorporar ao exercicio económico seguinte, tendo en conta que a totalidade do financiamento deberá ser executada antes da finalización do exercicio económico do último ano do período.

CONVOCATORIA 2022 DE AVALIACIÓN PLURIANUAL DOS GRUPOS, UNIDADES E INVESTIGADORES/AS DO CATÁLOGO DA UDC

Presentación e admisión de solicitudes

1. A esta convocatoria de avaliación poderanse presentar todos os grupos, unidades e investigadores/as individuais, inscritos/as no catálogo de investigación da UDC.
2. As solicitudes, dirixidas ao Servizo de Investigación, presentaranse a través do Rexistro electrónico da Sede electrónica da UDC (<https://sede.udc.gal>). A solicitude será realizada polo/a coordinador/a do grupo/unidade, que deberá cubrir

electronicamente o formulario indicando no “*solicita*” as áreas de coñecemento, primaria e secundaria, sobre as que se realizará a avaliación, de entre a listaxe oficial de áreas temáticas da AEI (<https://www.aei.gob.es/areas-tematicas/areas-tematicas>). Así mesmo, debe achegar un arquivo PDF/PDF co historial do grupo/unidade referido ao período comprendido desde o 1 de xaneiro de 2018 ata a data de apertura do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria. Este historial deberá ser xerado obrigatoriamente pola ferramenta SUXI-XC. O arquivo deberase nomear da seguinte maneira: «historial_grupo_acrónimo» (a palabra acrónimo deberase substituír polo acrónimo do grupo/unidade).

As persoas rexistradas no catálogo como investigadores/as individuais cubrirán o formulario de solicitude e engadirán os seus CV da mesma maneira e coas mesmas características.

O Servizo de Investigación da UDC engadiralle a esta documentación a composición completa dos grupos/unidades coa indicación do tipo de vinculación de cada un dos membros.

3. Aquelas unidades, grupos ou investigadores/as individuais que desexen manifestar un posible conflito de interese dalgún avaliador externo, deberán anexar á solicitude o arquivo «RECUSACION_acrónimo» do grupo ou unidade ou «RECUSACION_nome» do/do investigador/a individual, que conterá un informe breve e claro onde se indiquen os posibles avaliadores externos con respecto aos cales desexan manifestar a súa recusación, expoñendo razoadamente a súa xustificación. A Comisión de Investigación valorará o informe de recusación e daralle curso, se así o decide, á SCE-AEI.

4. O prazo de presentación de solicitudes para a convocatoria de 2022 dende o día seguinte a publicación desta convocatoria no TEO ate as 14:00 horas do 10 de febreiro de 2022.

5. No prazo máximo de 20 días a partir da data de finalización da presentación de solicitudes, o Servizo de Investigación publicará no Taboleiro oficial da Sede electrónica a listaxe dos grupos/unidades e investigadores/as que teñan completa a súa documentación e abrirá un prazo de 10 días para que se poidan emendar os erros e/ou completar a documentación.

6. As unidades, grupos e investigadores/as individuais que non se sometan á avaliación en 2022 renuncian a calquera financiamento para a actividade investigadora por parte da UDC ata que sexan avaliados.

Proceso de avaliación

1. Finalizado o prazo de presentación, o Servizo de Investigación enviaralle á SCE-AEI todas as solicitudes, que serán avaliadas segundo os criterios que se presentan nos anexos I e II, respectivamente, para colectivos e investigadores/as individuais. Estes anexos mostran os formularios de avaliación que usarán os/as avaliadores/as da SCE-AEI e correspóndense co formato dos informes finais que se recibirán unha vez avaliados.

2. Cada solicitude será avaliada independentemente por dous expertos/as de fóra de Galicia, que examinarán o historial investigador. No caso de que houber discrepancia entre estas avaliacións, a SCE-AEI encargará unha terceira avaliación independente, antes de elaborar o informe final, que resumirá os informes realizados.

3. As valoracións faranse nunha escala cuantitativa de 0 a 100 puntos. Ademais, o informe incluírá un parágrafo en que se expoñan as fortalezas, debilidades e as recomendacións de mellora.

Alegacións

1. Unha vez recibido o informe de avaliación da SCE-AEI, abrirase un prazo de 15 días para que os grupos/unidades ou investigadores/as individuais poidan facer as alegacións oportunas. As alegacións especificaranse nun documento dirixido á SCE-AEI, que lle será enviado ao Servizo de Investigación a través do Rexistro electrónico da UDC. Cada grupo/unidade só poderá presentar un escrito de alegación, que deberá ir asinado electronicamente pola persoa que coordine o colectivo.

2. No escrito de alegacións argumentaranse as razóns polas que se está en desacordo cos diferentes aspectos da avaliación recibida. O escrito de alegación debe detallar de modo directo, sucinto e claro cada un dos elementos de valoración cos que se está en desacordo e as razóns deste desacordo con base nos méritos presentados na solicitude orixinal.

3. As alegacións recibidas serán reenviadas directamente á SCE-AEI que procederá á súa valoración e elaborará un informe de resposta para o que, de ser preciso, poderá recorrer a novos expertos que avalíen os méritos que se presentaran inicialmente.

Aceptación das bases

A participación nesta convocatoria implica a aceptación das súas bases, sen prexuízo da posibilidade de interpor un recurso de alzada ante o reitor, nun prazo dun mes, que conta desde o día seguinte ao da súa publicación.

Salvador Naya Fernández
Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia

ANEXO I

INFORME DE EVALUACIÓN DE GRUPOS Y UNIDADES

FECHA:

ÁREA TEMÁTICA:

Universidade da Coruña: Evaluación de Grupos de Investigación 2022

Referencia: Código del colectivo en la UDC: Acrónimo:

Nombre completo del grupo:

En cada uno de estos apartados se valorarán los logros alcanzados en relación al período comprendido desde el 1 de enero de 2018 hasta la actualidad, **teniendo en cuenta siempre la proporcionalidad respecto al tamaño y composición del grupo**. Además, se otorgará una calificación cuantitativa hasta un máximo de 20 puntos en cada uno de los apartados.

INDICADOR	Puntuación (0-20)
<p>1. PRODUCTIVIDAD CIENTÍFICA Y CALIDAD DE ESTA: <i>se valorará la cantidad y calidad de las publicaciones relevantes en el área científica de que se trate, con especial atención a la proyección internacional de estas.</i></p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p>2. FINANCIACIÓN COMPETITIVA: se valorará la financiación conseguida en convocatorias públicas competitivas. Se valorará muy especialmente la financiación obtenida en convocatorias internacionales. Sólo se tomarán en consideración los proyectos cuya ejecución conlleve gestión de fondos por la UDC (dirección, codirección o participación sustentada por convenio o acuerdo).</p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p>3. ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOGÍA/CONOCIMIENTO: Se valorará la actividad de transferencia de tecnología y de conocimiento, teniendo en cuenta las particularidades de cada ámbito científico. En este apartado se considerarán, por ejemplo, los contratos y convenios con empresas y organismos públicos y la financiación obtenida a través de ellos, la creación de empresas, patentes y registros de propiedad intelectual en explotación y, en general, cualquier actividad que suponga una transferencia real de conocimiento con impacto social, aunque no suponga captación de fondos.</p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p>4. CAPACIDAD FORMATIVA: se valorará la capacidad de formar investigadores. El número de contratados predoctorales y postdoctorales, el de trabajos de fin de máster supervisados y el de tesis doctorales dirigidas por los miembros del grupo, muy especialmente las que hayan recibido mención internacional, así como otras acciones formativas al nivel de postgrado. Se tomará en consideración el número y relevancia de las publicaciones asociadas a las tesis dirigidas.</p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p>5. VALORACIÓN GLOBAL DEL GRUPO: Teniendo en cuenta las características del ámbito científico en el que se engloba el grupo y su composición y tamaño, se valorará la trayectoria investigadora general del grupo y el equilibrio entre las diferentes facetas de la misma.</p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p><i>PUNTUACIÓN FINAL (de 0 100)</i></p>	

Describa las principales fortalezas y debilidades del grupo. Puede incidir en la composición, estructura, carácter multidisciplinario y coherencia de la composición del grupo. Recomiéndele al grupo la estrategia a seguir para mejorar su calidad, impacto y capacidades.

ANEXO II

INFORME DE EVALUACIÓN DE INVESTIGADORES INDIVIDUALES

FECHA:

ÁREA TEMÁTICA:

Universidade da Coruña: Evaluación de investigadores/as individuales 2022:

Nombre:

DNI:

Año de doctorado:

Número de sexenios:

Año de concesión del último sexenio:

En cada uno de estos apartados se valorarán los logros alcanzados en relación al período comprendido desde el 1 de enero de 2018 hasta la actualidad. Además, se otorgará una calificación cuantitativa hasta un máximo de 20 puntos en cada uno de los apartados.

INDICADOR	Puntuación (0-20)
<p>1. PRODUCTIVIDAD CIENTÍFICA Y CALIDAD DE ESTA: se valorará la cantidad y calidad de las publicaciones relevantes en el área científica de que se trate, con especial atención a la proyección internacional de estas.</p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p>2. FINANCIACIÓN COMPETITIVA: se valorará la financiación conseguida en convocatorias públicas competitivas. Se valorará muy especialmente la financiación obtenida en convocatorias internacionales. Sólo se tomarán en consideración los proyectos cuya ejecución conlleve gestión de fondos por la UDC (dirección, codirección o participación sustentada por convenio o acuerdo).</p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p>3. ACTIVIDADES DE TRANSFERENCIA DE TECNOLOGÍA/CONOCIMIENTO: Se valorará la actividad de transferencia de tecnología y de conocimiento, teniendo en cuenta las particularidades de cada ámbito científico. En este apartado se considerarán, por ejemplo, los contratos y convenios con empresas y organismos públicos y la financiación obtenida a través de ellos, la creación de empresas, patentes y registros de propiedad intelectual en explotación y, en general, cualquier actividad que suponga una transferencia real de conocimiento con impacto social, aunque no suponga captación de fondos.</p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p>4. CAPACIDAD FORMATIVA: se valorará la capacidad de formar investigadores. El número de contratados predoctorales y postdoctorales, el de trabajos de fin de máster supervisados y el de tesis doctorales dirigidas, muy especialmente las que hayan recibido mención internacional, así como otras acciones formativas al nivel de postgrado. Se tomará en consideración el número y relevancia de las publicaciones asociadas a las tesis dirigidas.</p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p>5. VALORACIÓN GLOBAL DEL INVESTIGADOR: Teniendo en cuenta las características del ámbito científico en el que se engloba el investigador, se valorará la trayectoria investigadora general y el equilibrio entre las diferentes facetas de la misma.</p> <p>Valoración (máximo 150 palabras):</p>	
<p><i>PUNTUACIÓN FINAL (de 0 100)</i></p>	

Describa las principales fortalezas y debilidades del investigador. Recomiéndele la estrategia a seguir para mejorar su calidad, impacto y capacidades.